

EXPTE: CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRO E SERVIZOS PARA A ADQUISICIÓN DE MEDIOS MATERIAIS PARA A RECOLLIDA SEPARADA DOS BIORESIDUOS E A REALIZACIÓN DAS CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN ASOCIADAS AOS MESMOS, PARA O CONCELLO DE TEO, RESERVADO A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO DE INICIATIVA SOCIAL SB-3/2024.

FINANCIADO CON FONDOS NEXT GENERATION EU

ACTA 1 DA MESA DE CONTRATACIÓN

No Salón de Plenos do concello de Teo, sendo as 09:00 horas do día 03/10/2024, constitúese a mesa de contratación, para levar a cabo o exame da documentación contida nos sobre C “Oferta económica e criterios avaliábeis de forma automática” presentados polos licitadores para adxudicación do contrato arriba referenciado, que queda constituída polos seguintes membros:

Presidente: Ángel Barreiro Rodríguez, concelleiro delegado Desenvolvemento industrial e Economía local.

Vogais:

- Virginia Fraga Díaz, secretaria Xeral do Concello.
- Mónica Lado Varela, interventora Xeral do Concello.
- Ana Varela González, técnico de Medio Ambiente (S)

Secretaria:

- M^a Elena Sueiro Fernández, adxunta á Secretaría do Concello.

Non asiste María López Álvarez, concelleira do grupo municipal PXCT nin o seu suplente.

Falta, previa escusa, Ignacio Soto González, arquitecto municipal, que é substituído por Ana Varela González.

Constituída a mesa, por parte da secretaria Xeral do Concello dáse conta da situación deste expediente, financiado con FondosNext Generation EU a través dunha subvención concedida ao abeiro da Orde de 1 de xuño de 2023 (DOG nº 112 do 14 de xuño de 2023) da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



entidades locais de Galicia para a financiación de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, (código de procedimiento MT975P).

Consultado por este Concello sobre a forma de acceder a MINERVA para introducir os datos dos licitadores e persoal que participa na tramitación deste expediente, se indica que por parte da Consellería se cargará o subproxecto na plataforma CoFFEE para que o Concello poida proceder. A subproxecto cargouse na plataforma CoFFEE o 02/10/2024, data na que se convocou esta mesa para dar conta da situación. O subproxecto atópase en fase “en validación” e ata que se atope “revisado” non se permitirá obter o código CRO para poder introducir os datos correspondentes en MINERVA, polo que ata que se consiga avanzar nese trámites non se poderá avanzar no procedemento de adxudicación do expediente de contratación.

Á vista de todo o actuado, a **mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros ACORDA:**

PRIMEIRO.- Suspende a sesión ata que se proceda á modificación do estado do subproxecto na plataforma CoFFEE e se obteña o código CRO que permita acceder a MINERVA e se poida continuar co procedemento de adxudicación.

Sendo as 09:10 horas suspéndese a sesión, quedando a mesa en reunirse de novo tan pronto se solventes as incidencias expostas nesta sesión estendéndose a presente acta que asina a secretaria da mesa co visto e praxe do Sr. Presidente.

O presidente

A secretaria da mesa

Ángel Barreiro Rodríguez

M^a Elena Sueiro Fernández